



## CAMPAÑA ELECCIONES XERÁIS 28A

A. Por unha xuventude emancipada: Eixo que agrupa as principais medidas de cariz mais económico en materias como emprego, precariedade ou vivenda.

4. Acabar có desemprego e a precariedade laboral xuvenil:

- o Plans para reducir a temporalidade e parcialidade forzosa na contratación da mocidade.
- o Asegurar empregos de calidade con retribucións suficientes para ter independencia económica que permita á xuventude desenvolver os seus proxectos vitais.
- o Crear o Estatuto da persoa bolseira ou en prácticas que regule os seus dereitos.

5. Plans de vivenda para a xuventude: con políticas que faciliten o acceso á vivenda e eviten o sobreendebedamento.

- o Redución de prezos de aluguer para a mocidade que supoñan menos do 30% do seu salario.
- o Habilitar parques públicos de vivenda en todo o Estado.
- o Incrementar os sistemas de información e asesoramento sobre vivenda.

B. Por unha xuventude que participa: Eixo que agrupa as medidas destinadas a afondar e mellorar os procesos democráticos e de toma de decisións.

1. Diálogo coa Xuventude: para incorporar a perspectiva de xuventude transversalmente nas políticas

- o Crear unha figura dependente de Presidencia d Goberno para a coordinación ministerial e territorial de políticas de xuventude.
- o Elaborar unha estratexia española de xuventude coa participación da xuventude.
- o Coordinar coas entidades xuvenís as partidas do imposto de sociedades destinadas á xuventude.

2. Voto aos 16:

- o Modificación da LOREG para introducir o voto a partir dos 16 anos en tódalas eleccións.
- o Incrementar as medidas de educación cidadá.

10. Lei de regulamentación do *Consejo de la Juventud de España*: un espazo de participación plural que canalice a voz da xuventude require dunha regulamentación estable no tempo.

- o Aprobar unha Lei que conte coa participación do CJE.
- o Dotar orzamentariamente.
- o Comprometerse có CJE como espazo de representación da xuventude na súa pluralidade.

C. Por unha xuventude con dereitos sociais e ecolóxicos: Eixo que agrupa o resto de medidas e que teñen que ver coa garantía na igualdade de oportunidades e a defensa do medio ambiente.

3. Reforma do sistema de bolsas e axudas ao estudo: para evitar as desigualdades no acceso e permanencia no sistema educativo, especialmente nas etapas non universitarias.

- o Revisar os umbrais para cubrir a tódalas familias en risco de pobreza
- o Revisar os conceptos de axuda e establecer cantidades fixas
- o Reducir os tempos de xestión e mellorar a eficiencia

6. Lei Transición Enerxética e Cambio Climático:

- o Plan para reducir a dependencia enerxética exterior que tenda a un consumo baseado ao 100% en enerxías renovables.
- o Políticas de control e redución de emisións en sectores produtivos relevantes que tenda ás emisións 0.
- o Impulsar o “emprego verde” entre a xuventude, especialmente en sectores estratéxicos como a enerxía, turismo e transformación de materias primas.

7. Lei integral do xogo:

- o Prohibición de publicidade de casas de apostas e da súa localización preto de institutos, parques, hospitais e centros de tratamento de adicións.
- o Estratexia de prevención da ludomanía con medidas enfocadas ao eido da xuventude.
- o Promoción e coordinación interterritorial de políticas saudables de ocio e tempo libre.

8. Saúde mental: incrementar a accesibilidade da xuventude á rede asistencial, en especial aos centros de atención primaria, mellorando e facilitando vías de contacto.

- o Emprender un programa coas CCAA, para mellorar a atención primaria dos servizos de saúde e os servizos sociais nos centros educativos.
- o Proporcionar un recurso de información fiable e accesible sobre saúde sexual e dereitos sexuais, adaptada a tódalas etapas da vida, a través de: a rede sanitaria de atención primaria, a farmacia comunitaria, os centros educativos, a rede de información xuvenil.
- o Crear un instrumento para a coordinación e seguimento dos programas de saúde mental e habilitar os medios para a adopción de medidas de prevención.

9. Recoñecemento do voluntariado en xuventude:

- o Ampliar o catálogo do INCUAL con cualificacións de voluntariado e xuventude.

- o Desenvolvemento regulamentario da Lei de Voluntariado con especificidades de xuventude.
- o Crear espazos de diálogo e coordinación sobre Educación Non Formal na administración